

BLOG

09/11/2007

Fernando Hoyos, exemplo de solidariedade internacionalista

GALIZA SEMPRE LEMBRA AO XESUITA VIGUÉS MORTO EN GUATEMALA EN 1982

O Paraninfo do antigo Reitorado da Universidade, no Areal de Vigo, foi o escenario do acto de homenaxe e recoñecemento a Fernando Hoyos que, organizado pola Fundación Galiza Sempre, tivo lugar o martes 6 de novembro coa participación de Santiago Domínguez, Tenente de Alcalde do Concello de Vigo, Gustavo Luca de Tena, Xornalista e Enrique Corral, Director da Fundación Guillermo Toriello (Guatemala).

Fernando Hoyos naceu en Vigo en 1943. Ordenouse xesuita en 1960 e realizou estudos de Humanidades, Filosofía e Teoloxía en Universidades de Salamanca, Munich, Lovaina e Madrid. Formado na Teoloxía da liberación, chegou a Guatemala a comezos dos anos 70 implicándose decididamente na solidariedade cun pobo privado de dereitos, masacrado polo Exército en medio dunha pobreza e desigualdade extremas. O seu labor social e educativo deixou unha fonda pegada no país centroamericano. Acabou por se integrar no Exército Guerrilleiro dos Pobres (EGP) e morreu nun enfrentamento armado en xullo de 1982 sen que o seu corpo teña aparecido.

A visita a Galiza de Enrique Corral, compañeiro de estudos e de militancia de Fernando Hoyos e Delegado de URNG ao Consello Nacional de Acordos de Paz, propiciou tamén a realización doutras actividades de impulso da solidariedade galega cos pobos de Guatemala. Con ese obxectivo, celebráronse, entre outras, entrevistas coas Consellerías de Vivenda e Medio Rural, o grupo parlamentario do BNG no Parlamento galego, a Coordinadora galega de ONGDs e o Concello de Allariz, que fixo entrega da axuda outorgada ao proxecto "Onde estás Fernando Hoyos?", co que a Fundación Guillermo Toriello www.fgtoriello.org.gt traballa por dignificar públicamente a súa traxectoria, aclarar as circunstancias da súa morte e recuperar os seus restos ao se cumpriren 25 anos da súa desaparición. A lembranza de Fernando Hoyos estivo presente asimesmo nun Coloquio con estudantes da Universidade de Santiago, organizado en colaboración con Galiza Nova, e na reunión con comunidades cristiáns de base celebrada en Vigo.

A Fundación Guillermo Toriello (FGT) creouse polos Acordos de Paz de 1996. A súa misión inicial foi a reinserción dos guerrilleiros de URNG (Unidade Revolucionaria Nacional Guatemalteca) á vida legal. Promove a participación e o exercicio de cidadanía, especialmente das mulleres e dos Pobos Indíxenas de Guatemala; desenvolve proxectos e accións que contribuen a mellorar día a día a calidade de vida da poboación por medio de programas de desenvolvemento local, vivenda, acceso á terra e desenvolvemento rural. No seu mandato ten a responsabilidade de busca, localización, exhumación e dignificación da memoria dos caídos durante o conflito. Leva o nome de Guillermo Toriello, unha figura histórica en Guatemala, defensor da soberanía e o desenvolvemento nacional nos momentos de maior agresión imperialista.